

## **ACTO DE CONMEMORACIÓN DO 10º ANIVERSARIO DO PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA E DO DÍA DA GALEGUIDADE EMPRESARIAL**

Parlamento de Galicia, 22 de outubro de 2014, 11:00 h

- PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA
- DTOR. XERAL DE ITELSIS, D. XERARDO GARCÍA ALVELA
- DTOR. XERAL DE PROGANDO, D. XOSÉ TURNES
- BIÓGRAFO PARGA PONDAL, D. RICARDO GURRIARÁN
- PRESIDENTE DO FORO ENRIQUE PEINADOR
- PRESIDENTE DA RAG
- VICEPRESIDENTE 1º DO PARLAMENTO
- FISCAL SUPERIOR DE GALICIA
- CONSELLEIRO MAIOR DE CONTAS
- SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
- DIRECTORA-XERENTE DA CIDADE DA CULTURA
- SEÑORAS E SEÑORES DEPUTADOS
- EMPRESARIOS E EMPRESARIAS DE GALICIA
- AMIGOS E AMIGAS

Bos días a todas e a todos.

É hoxe unha ocasión moi grata, para dirixirme a vostedes, cun motivo ben xustificado e explicable: hoxe o Parlamento de Galicia bota a mirada cara atrás para lembrar e celebrar un momento sobranceiro na historia recente da acción política destinada á promoción social da lingua galega.

Hai dez anos, concretamente o 21 de setembro de 2004, o Pleno da Cámara acordaba, por decisión unánime, aprobar o Plan xeral de normalización da lingua galega. Foi aquel, certamente, un momento histórico, pero non polo único motivo de que todas as forzas políticas, sen excepción, se puxesen de acordo en sede parlamentaria para darlle carta de validez a un texto no que se establecían ben ás claras o fin que se perseguía e mais a forma como se ía lograr ese fin.

Foi un momento sobranceiro por ese motivo, pero foino ademais porque o texto que se aprobaba viña precedido dun proceso de redacción no que se involucrara a case un cento de persoas, procedentes dos máis diversos sectores sociais, ás que se lles confiaron as tarefas de pensar o futuro que desexaban para o galego na sociedade de comezos do século XXI e tamén a de deseñar o camiño que conducira cón éxito a ese futuro desexado.

As preguntas, talvez as fundamentais, ás que os redactores e redactoras do Plan tentaron darlles respostas foron estas

1. Galicia ten diante de si, na cuestión da lingua, unha inmensa oportunidade; oportunidade mesmo de modernización social. Apoia este feito que nun futuro próximo as linguas non se van distinguir en maioritarias ou minoritarias senón en linguas domésticas e linguas de comunicación:

As que usen as novas tecnoloxías da fala, da información e da comunicación van ser de feito linguas internacionais, aínda que o número real de falantes sexa de poucos millóns ou estes non estean todos residindo no mesmo lugar do planeta.

2. Tamén é certo que existe un problema de transmisión interxeracional da lingua, unha fractura familiar cunha tradición de moitas xeracións. Por iso no Plan se lle dá tanta prioridade á intervención na infancia e na mocidade, pero entende que a lingua é o fenómeno social por antonomasia e toda intervención nela ten que ser multisectorial; ende non, será ineficaz.

A política lingüística que estamos planificando aplicando neste momento está inspirada na folla de ruta contida no Plan. A nosa acción de promoción que comeza a súa acción pola mocidade e os rapaces, nunca abrangue todos os ámbitos da realidade social, querendo darlle ademais ao galego plena presenza na vida comercial, empresarial e xurídica e, por parte, pretende incorporalo aos sectores máis dinámicos e ás novas tecnoloxías da comunicación e da información, xa que é aí onde se vai xogar a posibilidade de futuro, como noutro tempo se xogou na imprenta.

Son consciente de que todo este traballo ten que consistir en lle ofrecer ferramentas e instrumentos a unha sociedade que sente, case por primeira vez na súa historia, que o seu idioma é válido tamén para os usos formais da lingua, pero que non asegura polo de agora, co carácter necesario, a súa presenza en todos os ámbitos sociais e económicos, que é a nosa finalidade última.

Un dato que pode resultar revelador e de especial interese para aquilatar os resultados é o que ofrece o "Barómetro Calvet da linguas do mundo". Neste estudo realizado en 2012, no que se analiza o grao de instalación social das 563 linguas do mundo con máis de 500.000 falantes, asígnaselle ao galego o posto número 49. Este é dende o meu punto de vista o sendeiro a transitar.

O Plan insiste ademais nas súas páxinas en que un dos esteos nos que o proceso de revitalización lingüística se debe apoiar é a inclusión da nosa lingua na actividade empresarial e comercial. Insiste, tamén con razón, en que esta presenza do galego nas empresas constitúe o termómetro máis fidedigno do grao da súa vitalidade.

Hoxe reunímonos aquí para conmemorar o décimo aniversario da aprobación do Plan e forma parte desta celebración un nutridísimo número de empresarios de toda Galicia que se destacaron e están a destacar polo seu compromiso coa lingua galega, pois entenden que forma parte das responsabilidades sociais das súas empresas e que ademais os axuda a facer crecer os seus negocios.

Quero deixar constancia da miña gratitude a todos eles e, nomeadamente ao Foro Enrique Peinador que aglutina a moitos deles, por entenderen que estar radicados nun territorio e facer negocios nel implica asumir tamén a súa realidade lingüística e os dereitos lingüísticos dos seus cidadáns.

Dado o novo marco globalizado no que nos movemos, as conquistas sociais para o galego ou para calquera outra lingua minoritaria pasan pola conxunción de esforzos, recursos e coñecementos entre institucións, empresas e asociacións, dos que se require a súa implicación. Este acto de hoxe pretende ser, neste sentido, un exemplo do que se estivo a facer durante os últimos 10 anos en Galicia en materia de promoción lingüística. Un dos sectores que nos fan estar máis orgullosos é o traballo que se realizou no campo da empresa e paseniñamente estanse a ver os froitos.

Neste acto estamos a deixar constancia, en definitiva, de que levamos andado un longo camiño e de que continuamos, pese ás dificultades, en movemento.

Moitas grazas.